



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1735/1102

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 27 de AGOSTO de 2024

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a M^a José Caride Estévez
D^a Patricia Rodríguez Calviño
D^a. Ana M.^a Mejías Sacaluga
D. Angel Rivas González

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D^a Elena Espinosa Mangana
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro

Na Casa do Concello de Vigo, ás trece horas e vinte e cinco minutos do día vinte e sete de agosto de dous mil vinte e catro e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno local, Sra. Gallardo Fariña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(668).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión segundo consta nas dilixencias dos servizos incorporadas nos expedientes que se someten a aprobación na presente sesión.

Antes do tratamento dos asuntos para a súa aprobación, os membros da Xunta de Goberno Local presentes manifestan non estar incurso en causa de incompatibilidade ni conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o

seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

2(669).-PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DAS OBRAS DE REHABILITACIÓN E ACONDICIONAMENTO DO PAZO DE RAPOSEIRA. EXPTE. 11183/307.

Visto o informe xurídico do 23/08/2024 e o informe de fiscalización do 27/08/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 22/08/2024, asinado pola xefa da Área de xestión patrimonial e territorial e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- Con data 03/11/2022, a Xunta de Goberno Local adoptou o seguinte acordo: *“Aprobar a ACEPTACIÓN da proposta de subvención, recollida na resolución provisional de data 25 de outubro de 2022, por resolución do Director Xeral da Axenda Urbana e Arquitectura do Ministerio de Transportes Mobilidade e Axenda Urbana, se procede a aprobar a RESOLUCIÓN PROVISIONAL DA CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA AREHABILITACIÓN DE EDIFICIOS DE TITULARIDADE PÚBLICA NO MARCO DOPLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, en canto os proxectos presentados para a LINEA 1, así como o cumprimento de todas as condicións establecidas na propia resolución así como na Orde TMA/178/2022, de 28 de febreiro, pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de axudas para a rehabilitación de edificios de titularidade pública e a convocatoria para a presentación de solicitudes polo procedemento de concorrencia competitiva no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, de acordo coa seguinte proposta de subvención:*

- *Entidade: AYUNTAMIENTO DE VIGO • Expediente: C215PL/22/00961*
- *Actuación: OBRAS DE REHABILITACIÓN Y ACONDICIONAMENTO DEL PAZO DA RAPOSEIRA EN SAN PEDRO DE SÁRDOMA.*
- *Total de puntos: 46,00*
- *Importe: 1.495.451,86 €”.*

II.- Por decreto de Alcaldía de data 30/01/2023, delegouse na Tenente de alcalde e concelleira da Área de Patrimonio histórico, tódalas atribucións precisas para a dirección técnica e política, xestión, seguimento, tramitación e realización da totalidade das obras e servizos necesarios para a execución do proxecto de rehabilitación e acondicionamento do pazo de A Raposeira.

III.- Con data 09/02/2023 a Xunta de Goberno Local adoptou o seguinte acordo: *“Aprobar o proxecto de rehabilitación e acondicionamento do pazo de A Raposeira, de xaneiro de 2023, redactado polo arquitecto Emilio Estévez Fernández, cun orzamento base de licitación, IVE engadido, de UN MILLÓN OITOCENTOS CINCUENTA MIL OITENTA E TRES EUROS E NOVENTA CÉNTIMOS (1.850.083,91 €), sen prexuízo dos cambios que no seu caso poda resultar necesario introducir por mor da autorización autonómica definitiva”.*



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1735/1102

IV.- En data 23 de outubro de 2023, a Xunta de Goberno Local, acordou *adxudicar a CONSTRUCCIONES ABAL, S.A. o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto “Rehabilitación e acondicionamento do Pazo da Raposeira” no marco do PRTR financiado con fondos europeos NEXT-GENERATION-EU (11183-307) por un prezo total do contrato de 1.755.045,04 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 304.594,59 euros.*

Este contrato formalizouse o 25 de outubro de 2023 por un prazo de 8 meses a contar a partir do día seguinte ao da data de levantamento da acta de trazado de planta.

V.- En data 10 de novembro de 2023, a concelleira da área de goberno acordou nomear a Emilio Estévez Fernández director facultativo das obras de *“Rehabilitación e acondicionamento do Pazo da Raposeira”*, e a Antonio Arias Rodríguez como director de execución e coordinador de seguridade e saúde de ditas obras.

VI.- A acta de comprobación de replanteo foi asinada o 15 de novembro de 2023.

VII.- En data 9 de maio de 2024 a concelleira da área de goberno acordou autorizar a ampliación do prazo de execución das obras para a rehabilitación e acondicionamento do pazo da Raposeira (exp. 11183-307), adxudicadas pola Xunta de Goberno Local o 24 de outubro de 2023 a Construcciones Abal, S.A. por un prazo de 8 meses, por un período de 77 días, sendo en consecuencia a nova data de finalización da obra o 30/09/2024.

VIII.- A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de 5 de xullo de 2024 acordou : *“Aprobar o cambio do responsable do contrato das obras do proxecto “Rehabilitación e acondicionamento do Pazo da Raposeira” no marco do PRTR financiado con fondos europeos NEXT-GENERATION-EU (expediente 11183-307), designando ao aparelador funcionario municipal, D. Santiago Ledo Martínez”.*

IX.- O responsable do contrato (10/07/2024) e a dirección facultativa (11/07/2024) emiten informe no que se solicita o inicio do expediente de modificación do proxecto de rehabilitación e acondicionamento do pazo de A Raposeira polas razóns que expoñen no informe, que de seguido se transcribe:

“II.- Xustificación técnica para a solicitude do modificado

II.1. Modificacións derivadas do estado das instalacións existentes distintas das recollidas no proxecto.

Unha vez comezadas as obras contáctase coa empresa concesionaria de servizo municipal de augas de Vigo (Aqualia) para xestionar a conexión do Pazo da Raposeira co saneamento.

Unha vez valorada a situación pola empresa ésta informa da inexistencia dunha conexión á altura do número 3 do camiño da Raposeira lugar no que se atopa a edificación a rehabilitar, sendo o punto máis preto á altura do número 36 de dita

vía, polo que se require a execución dun novo trazado do colector de 167,65 metros de lonxitude.

Hai que significar que nos traballos de redacción do “proxecto de rehabilitación e acondicionamento do Pazo da Raposeira” consultáronse os servizos municipais existentes na parcela no panel de control da cidade que recollía a existencia dun sistema de saneamento á altura do número 3 do camiño da Raposeira polo que non estaba prevista a realización dos traballos de conexión á rede pública de abastecemento que finalmente son necesarios para poder executala.

A construción e instalación desta infraestrutura de saneamento é **imprescindible** para asegurar a conexión da parcela na que se localiza o Pazo da Raposeira (camiño da Raposeira, nº 3) garantindo así a salubridade e o benestar dos usuarios e residentes nesta zona da cidade.

III.- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DE MODIFICADO.

Polo exposto anteriormente, as variacións con respecto ao proxecto aprobado fan necesario incorporar novos cálculos e unidades de obra que poderían modificar a base económica inicial do proxecto.

As citadas modificacións suscitadas, están recollidas nas circunstancias descritas no art. 204 da LCSP e no PCAP que rexe a contratación das obras, Anexo I FOLLA DE ESPECIFICACIÓN DO CONTRATO (FEC) Punto 14 MODIFICACIÓN DO CONTRATO, Apartado C) CIRCUNSTANCIAS QUE DETERMINAN A MODIFICACIÓN:

- “Que no ámbito afectado polas obras aparezan redes de servizos e instalacións, construcións soterradas, elementos de protección arqueolóxica, estado das estruturas, condicións xeotécnicas ou contencións existentes distintas das recollidas no proxecto”.
- “Necesidades de adaptación ao entorno, no referente a servizos, deseño, esquema funcional ou accesibilidade, ou usos e seguridade no funcionamento das instalacións sempre e cando este sufra modificacións con posterioridade á data de aprobación do proxecto”.

As citadas modificacións non supoñen alteracións dos fins e características básicas do proxecto inicial e son de interese para unha adecuada solución do obxecto da obra contratada, sendo modificadas en xeral pola aparición de elementos que non puideron ser previstos no proxecto inicial. Así mesmo, considérase que o modificado non suma prestacións complementarias ás inicialmente contratadas, non altera o obxecto do contrato e non cumpre finalidades novas non consideradas na documentación preparatoria deste proxecto de obra e polo tanto non incorpora unha presentación susceptible de utilización ou aproveitamento independente.

As modificacións que se expoñen non alteran as condicións de adxudicación e licitación recollidas no PCAP que rexen a contratación das obras.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1735/1102

Os prezos contraditorios que se proporán, consecuentes á solución técnica adoptada, referiranse á data de licitación calculados sobre a base do proxecto orixinal aprobado para a adxudicación da obra, en todo o que se refire aos prezos unitarios de man de obra, materiais e maquinaria, e a os custos indirectos dos prezos descompostos.

En tanto o órgano de contratación adopte o acordo que proceda, este responsable do contrato entende necesario propoñer unha moratoria no prazo de execución da obra

X.- Por todo o anteriormente exposto, o 11/07/2024 a concelleira delegada da área de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade resolvera autorizar o inicio do expediente de modificación do proxecto de rehabilitación e acondicionamento do pazo de A Raposeira.

XI.- Na data do 30/07/2024 o proxectista presenta o modificado no Rexistro electrónico do Concello de Vigo; o proxecto conta con informe técnico favorable do responsable do contrato de data 01/08/2024 e da oficina municipal de supervisión de proxectos de data 01/08/2024; nembargantes, por indicacións da Asesoría Xurídica en base ao disposto no artigo 160.2 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, en canto dispón *“As variacións mencionadas no apartado anterior, respectando en todo caso o límite previsto no mesmo, iranse incorporando ás relacións valoradas mensuais e deberán ser recollidas e abonadas nas certificacións mensuais, conforme ao prescrito no artigo 145 da Lei, ou con cargo ao crédito adicional do 10 por 100 a que alude a disposición adicional décimo cuarta da Lei, na certificación final a que se refire o artigo 147.1 da Lei, unha vez cumpridos os trámites sinalados no artigo 166 deste Regulamento. **No entanto, cando con posterioridade ás mesmas houberse necesidade de introducir no proxecto modificacións das previstas no artigo 146 da Lei, haberán de ser recollidas tales variacións na proposta a elaborar, sen necesidade de esperar para facelo á certificación final citada,** e como queira que consideran de obrigada obsevancia proceder á medición da obra executada ata a data, o 19 de agosto de 2024 o redactor do proxecto achega novo modificado, que se informa favorablemente polo responsable do contrato en data 22.08.2024 e no que se detalla as variacións nas medicións das unidades de obra empregadas .*

XII.- En data 22.08.2024, realizase trámite de audiencia ao contratista, en relación á modificación, novos prezos propostos e medición da obra, manifestando na mesma data a súa conformidade.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

I.- A Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e o do Consello 2014/23/UE 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en adiante, LCSP), establece no seu artigo 190 que o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalos por razóns de interese público, acordar a súa resolución e

determinar os efectos desta (artigo 203 LCSP), dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e para os efectos sinalados na Lei.

II.- O artigo 203.2 da LCSP contempla que os contratos administrativos celebrados polos órganos de contratación solo poderán modificarse durante a súa vixencia, cando se de algún dos seguintes supostos, entre outros:

a) Cando así se teña previsto no prego de cláusulas administrativas particulares, nos términos e condicións establecidos no artigo 204 da LCSP.

A necesidade da modificación do proxecto xustifícase polo responsable do contrato (10/07/2024) e a dirección facultativa (11/07/2024) según se detalla no apartado IX dos “antecedentes”, en virtude do disposto nos artigos 204 e 242 da Lei 9/2017 del 8 de novembro, de Contratos do sector público. O apartado 14 das FEC do Prego de Cláusulas Administrativas do Contrato, aprobado pola Xunta de Goberno local en data 19 de maio de 2023, prevé a posibilidade de modificación do mesmo nas seguintes circunstancias:

- *“Que no ámbito afectado polas obras aparezan redes de servizos e instalacións, construcións soterradas, elementos de protección arqueolóxica, estado das estruturas, condicións xeotécnicas ou contencións existentes distintas das recollidas no proxecto”.*
- *“Necesidades de adaptación ao entorno, no referente a servizos, deseño, esquema funcional ou accesibilidade, ou usos e seguridade no funcionamento das instalacións sempre e cando este sufra modificacións con posterioridade á data de aprobación do proxecto”.*
- *“A orde da Autoridade Responsable para adoptar medidas correctoras para garantir o preceptivo cumprimento das obrigas asumidas en materia de etiquetado verde e etiquetado dixital e os mecanismos establecidos para o seu control, así como ó preceptivo cumprimento das obrigas asumidas pola aplicación do principio de non causar un dano significativo e as consecuencias en caso de incumprimento”.*

De conformidade co disposto no devandito artigo 204 LCSP e no Prego, as modificacións en ningún caso poderán superar o 20% do prezo do contrato.

III.- En canto ao obxecto da modificación formulada, tal e como se sinala nos dous informes técnico do responsable do contrato, aparelador municipal de datas 01 e 22.08.2024, no proxecto redáctase a nivel técnico e orzamentario, as obras necesarias para resolver de maneira definitiva, a conexión da parcela número 3 do camiño da Raposeira, ao sistema xeral de saneamento das augas pluviais e fecais. A construción e instalación dunha infraestrutura de saneamento e imprescindible para asegurar a conexión de dita parcela, garantindo así a salubridade e o benestar dos usuarios e residentes nesta zona. A zona na que se ha previsto realizar a actuación é a comprendida entre os números 3 e 36 do camiño da Raposeira. E se corresponde con a instalación dun colector novo con seus correspondentes pozos de rexistro para a conexión da parcela onde se se está a realizar a obra.

O artigo 160.1 da RD 1098/2001, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas indica que só poderán introducirse variacións sen previa aprobación cando consistan na alteración no número de unidades



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1735/1102

realmente executadas sobre as previstas nas medicións de proxecto, **sempre que non representen un incremento do gasto superior ó 10 por 100 do prezo primitivo do contrato**, imposto sobre o valor engadido excluído.

En canto á variación de unidades de proxecto relativas á alteración das medicións reais executadas, o artigo 242.4 LCSP non considera modificación contractual o exceso de medicións, entendendo por tal, a variación que durante a correcta execución da obra se produza exclusivamente **no número de unidades realmente executadas sobre as previstas nas medicións do proxecto, sempre que en global non representen un incremento do gasto superior ao 10 por cento do prezo do contrato inicial (límite que se respecta e calcula no informe técnico do responsable do contato de data 22.08.2024)**. Dicho exceso de medicións recollerase na certificación final da obra.

Nembargantes, tal e como refire o antecedente XI desta proposta, o numero 2 do artigo 160 do RD 1098/2001, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas determina que *cando con posterioridade ás mesmas (estase a referir a novas unidades) houberse necesidade de introducir no proxecto modificacións das previstas no artigo 146 da Lei, haberán de ser recollidas tales variacións na proposta a elaborar, sen necesidade de esperar para facelo á certificación final citada.*

Neste tempo, apunta o responsable do contato que neste proxecto modificado:

- 1.- existen excesos ou aumentos da medición do proxecto orixinal
- 2.- créanse novas partidas que non supoñen alteracións dos fins e características básicas do proxecto inicial e son de interese para unha adecuada solución do obxecto da obra contratada, sendo modificadas en xeral pola aparición de elementos que non puideron ser previstos no proxecto inicial.

No informe técnico detállanse de xeito desglosado por capítulos do orzamento:

-as variacións, que se derivan de circunstancias sobrevidas e imprevisibles no momento en que tivo lugar a licitación, no sentido indicado no apartado 2.b) do artigo 204 da LCSP, que non implican unha alteración na contía que exceda, illada ou conxuntamente con outras modificacións acordadas conforme a este artigo, do 20% do seu prezo inicial, IVA excluído (supón o 5,69%).

-as variación de unidades relativas a incremento de medicións das unidades existentes, que conforme ao disposto no artigo 242.4i LCSP, en global non representan un incremento do gasto superior ao 10 por cento do prezo do contrato inicial (supón un 9,98%).

	PEM PROYECTO (S/IVE)	PEM PR. MODIFICADO (S/IVE)	% P.E.M orixinal
MODIFICACIONES art. 204.2.b) LCSP	1.284.869,72	1.357.962,90	5,69%
MEDICIONES UNIDADES art. 242.4i LCSP	1.284.869,72	1.413.102,69	9,98%
TOTAL	1.284.869,72	1.486.195,87	15,67%

En relación con estes excesos de medición e a autorización do gasto correspondente, o Concello Pleno, en sesión de data en sesión extraordinaria do día 20 de agosto do 2024, aprobou inicialmente a modificación orzamentaria nº 11,11A/2024, publicada no BOP en data 22.08.2024, Crédito Extraordinario e

Suplemento de Crédito, no que se inclúe crédito para a liquidación da obra por importe de 175.000 euros. Debe considerarse que a actuación de rehabilitación e recuperación do pazo finánciase segundo subvención para *A REHABILITACIÓN DE EDIFICIOS DE TITULARIDADE PÚBLICA NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA* suxeita ao rexime xurídico fixado na Orde TMA/178/2022, de 28 de febreiro, sendo obrigatorio o prazo de liquidación final establecido para o **30 de novembro de 2024**.

Así as cousas é imprescindible que coñecida e medida a obra con respecto ás determinacións e límites legais, se continue coa tramitación da modificación ex artigo 204.2b LCSP e a autorización do gasto por excesos de medición, ex artigo 242.4.i, se demore ata a aprobación definitiva da modificación orzamentaria en trámite, e xa que logo no momento da certificación final da obra, tal e como establece o artigo 242.4 LCSP cando dí: “dicho exceso de medicións recollerase na certificación final da obra “ circunstancia que permitirá continuar coa marcha da obra en prazos, habida conta de que segundo informes técnicos non resulta necesario suspender a actividade constructiva .

Esta proposta:

-en ningún caso se altera a natureza global do contrato inicial.

-o modificado non suma prestacións complementarias ás inicialmente contratadas, non amplía o obxecto do contrato e non cumpre finalidades novas non consideradas na documentación preparatoria de este, e non incorpora unha prestación susceptible de utilización ou aproveitamento independente. As modificacións que se formulan non alteran as condicións de adxudicación e licitación recollidas no PCAP que rexen a contratación das obras, pero alteran o prazo de execución das obras.

IV.- Respecto do prazo de execución do contrato, en data 9 de maio de 2024 a concelleira da Área de goberno, por decreto de delegación da Alcaldía de data 30/01/2023, acordou autorizar a ampliación do prazo de execución das obras para a rehabilitación e acondicionamento do pazo da Raposeira adxudicadas pola Xunta de Goberno Local o 24 de outubro de 2023 a Construcciones Abal, S.A. por un prazo de 8 meses, por un período de 77 días, sendo en consecuencia a nova data de finalización da obra o 30/09/2024.

O responsable do contrato entende que para a execución das actuacións proxectadas, no Proxecto Modificado contemplase unha ampliación do prazo dun (1) mes.

Por outra parte, a tramitación deste proxecto modificado non esixe unha suspensión temporal da obra xa que o seu obxecto non supón alteracións dos fins e características básicas do proxecto inicial nin afecta ao programa de traballo previsto, ademais de contar con financiamento do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda urbana, dentro das AXUDAS PARA A REHABILITACIÓN DE EDIFICIOS DE TITULARIDADE PÚBLICA NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA no marco das que este Concello está comprometido a realizar a liquidación final das obras no mes de novembro de 2024.

V- As especialidades procedimentais a seguir para a modificación dos contratos figuran reguladas con carácter xeral no artigo 207 da LCSP, figurando no artigo 242 do mesmo texto as especificacións propias das modificacións dos contratos de obra.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1735/1102

Tales requisitos son os seguintes:

- 1 Audiencia do redactor do proxecto ou das especificacións técnicas, se estes se tiveran preparado por un terceiro alleo ao órgano de contratación en virtude dun contrato de servizos para que, nun prazo non inferior a tres días, formulen as consideracións que considere convenientes (artigo 191, 207 e 242 da LCSP).
- 2 Informe da Asesoría Xurídica Municipal e fiscalización previa da Intervención Municipal (artigos 191 do LCSP e 102 do RLCAP)
- 3 Ditame preceptivo do Consello Consultivo de Galicia nos casos de modificacións do contrato cando no estivesen previstas no prego de cláusulas administrativas e a súa contía, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 20 % do prezo inicial do contrato, IVA excluído, e o seu prezo sexa igual ou superior a 6.000.000 de euros ou cando se formule oposición por parte do contratista (artigo 191 da LCSP)

Os requisitos específicos para os contratos de obras previstos no artigo 242 da LCSP son:

- 1 Cando as modificacións supoñan a introdución de unidades de obra non previstas no proxecto ou cuxas características difiran das fixadas neste, e non sexa necesario realizar unha nova licitación, os prezos aplicables ás mesmas serán fixados pola Administración, previa audiencia do contratista por prazo mínimo de tres días hábiles. Se este non aceptase os prezos fixados, o órgano de contratación poderá contratatalas con outro empresario nos mesmos prezos que tivera fixado, executatalas directamente ou optar pola resolución do contrato conforme ao artigo 211 da LCSP.
- 4 Cando o director facultativo da obra considere necesaria unha modificación do proxecto, e se cumpran os requisitos que a tal efecto regula esta lei, recadará do órgano de contratación autorización para iniciar o correspondente expediente, que substanciarase coas seguintes actuacións:
 - a Redacción da modificación do proxecto e aprobación técnica da mesma.
 - b Audiencia do contratista e do redactor do proxecto, por prazo mínimo de tres días.
 - c Aprobación do expediente polo órgano de contratación así como dos gastos complementarios precisos.

Así mesmo, recadarase o informe de supervisión de proxectos no supostos previstos no artigo 235 da LCSP (136.3 do RLCAP).

Constan no expediente tramitado a xustificación procedimental fixada

VI.- As modificacións do contrato serán obrigatorias para o contratista e deberán formalizarse conforme ao disposto no artigo 153 (artigo 204, 205, 206 e 242.1 da LCSP).

VII.- Deberase publicar en todo caso un anuncio da modificación no perfil do contratante do órgano de contratación, no prazo de 5 días desde a aprobación da mesma, que deberá ir acompañado das alegacións

do contratista e de tódolos informes que, no seu caso, recadaranse con carácter previo á aprobación, incluídos aqueles aportados polo adxudicatario ou os emitidos polo propio órgano de contratación (artigo 63.3 e 207.3 da LCSP).

Asemade, remitirase copia certificada ao Consello de Contas dentro dos tres meses seguintes á formalización, para o exercicio da función fiscalizadora, sempre que a contía do contrato exceda de 600.000 euros, tratándose de obras (artigo 335 da LCSP).

VIII.- Xa que logo, previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, formúlese a seguinte proposta á Xunta de de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda da LCSP

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

1º.- Aprobar o proxecto modificado das obras de REHABILITACIÓN E ACONDICIONAMENTO DO PAZO DE RAPOSEIRA, EN SÁRDOMA, redactado polo director das obras Emilio Estévez Fernández no que respecta á modificación por novas unidades de obra que supón unha importe líquido de NOVENTA E NOVE MIL OITOCENTOS CORENTA EUROS con TRINTA E TRES CÉNTIMOS (99.840,33€), que representa un incremento de 5,69% respecto ao importe de adxudicación, que corresponde a modificacións segundo o artigo 204 da LCSP (modificacións previstas no PCAP).

2º.- Autorizar este gasto, con cargo á partida orzamentaria 3360 632 0021, proxecto 22336021.

3ª Tomar coñecemento da medición por variacións nas unidades do proxecto redactado polo director das obras Emilio Estévez Fernández que supón un importe líquido de CENTO SETENTA E CINCO MIL CENTO CINCONTA E SETE EUROS CON CINCONTA E SEIS CÉNTIMOS (175.157,56€), que representa un incremento de 9,98% respecto ao importe de adxudicación, que corresponde a modificacións segundo o artigo 242.4.i LCSP, e que se abonarán no seu caso, na tramitación da certificación final da obra.

4º.- Como consecuencia da autorización do proxecto modificado, sen que a tramitación do mesmo esixa unha suspensión temporal da obra ampliar o prazo de execución das obras un (1) mes, sendo a data prevista como fin da obra o 30 de outubro de 2024.

5ª Proceder ao reaxuste da garantía definitiva con carácter previo á formalización do contrato.

6º.- Instar á mercantil *CONSTRUCCIONES ABAL, S.A.*, adxudicataria do contrato de obra, á formalización do modificado do mesmo no prazo máximo de 15 días hábiles a contar dende o seguinte ao da recepción da notificación da presente resolución, nos termos do artigo 153 da LCSP, debendo acreditarse con carácter previo á formalización o reaxuste da garantía nos termos do apartado anterior.

7º.- Proceder a publicación dos anuncios da modificación nos termos dos artigos 63.3 e 207.3 da LCSP e remitir copia certificada do acordo aprobatorio ao Consello de Contas, en cumprimento do artigo 335.2 da LCSP.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1735/1102

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(670).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE TRABALLOS TÉCNICOS DERIVADOS DA PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES E ESPECTÁCULOS NO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO. EXPTE. 5450/330.

Visto o informe xurídico do 23/08/2024 e o informe de fiscalización do 26/08/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 23/08/2024, asinado polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, e conformado polo concelleiro-delegado de Cultura, o concelleiro da Área de Goberno (R.A. 07/08/2024) e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.
- 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e pola Lei 27/2013 de 27 de decembro de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.
- Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Lei 25/2013 de 27 de decembro, de Impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de factura no sector público.
- Lei 19/2013 de 9 de decembro de transparencia, acceso á información e bo goberno.

ANTECEDENTES

No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), coa resolución da concellería delegada que inicia o expediente (artigo 116 LCSP), de data 28 de febreiro de 2024.
- Memoria económica de data 29 de maio de 2024, asinada polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural e mailo concelleiro-delegado de Cultura.
- Certificados de retención de crédito de data 31 de maio de 2024 (operacións RC nº 12024000099150; e RCFUT 12024000099151).
- Prego de prescricións técnicas particulares (PPT) de data 22 de agosto de 2024, asinado polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, co conforme do concelleiro-delegado de Cultura.
- Declaración de neutralidade do redactor prego de prescricións técnicas de data 22 de agosto de 2024, asinada polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural.
- Memoria xustificativa de data 22 de agosto de 2024, asinada polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado da Área de Cultura e maila concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade, sendo asinada nesta última polo segundo tenente de alcalde e concelleiro delegado da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes (por resolución de delegación de competencias por ausencia da titular do 07/08/2024).
- Informe, de data 23 de agosto de 2024, da técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación, por delegación da xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos (resolución delegación de 2 de agosto de 2024), sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.
- Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 23 de agosto de 2024, redactado pola técnica de Administración Xeral do Servizo de Con-



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1735/1102

tratación, por delegación da xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos (resolución delegación de 2 de agosto de 2024).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro: De conformidade cos artigos 25.1. e 25.2.m da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e cos artigos 80.1 e 80.2.n da lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, os municipios poderán promover e realizar actividades culturais.

Segundo: O expediente de contratación se iniciará polo órgano de contratación de acordo co disposto na Lei Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público; no Concello de Vigo esta competencia atopábase delegada nos Concelleiros-delegados de Area, segundo o acordo da Xunta de Goberno Local de data 28 de xullo de 2023, polo que se aproba a modificación de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros delegados de Área de Goberno e nos concelleiros delegados e aprobación do texto refundido (expte 1483/1102), no apartado terceiro, punto 6.

Terceiro: En cumprimento do establecido no artigo 28 da LCSP a concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística asinou con data 9 de novembro de 2023 o informe da necesidade e idoneidade, coa resolución que inicia o expediente, da contratación por procedemento aberto, dos servizos de traballos técnicos derivados da programación de actividades e espectáculos do Auditorio Municipal do Concello.

Cuarto: De acordo co establecido no artigo 116.4 LCSP consta a memoria xustificativa asinada polo Xefe do Servizo de Xestión e Pomoción Cultural, conformada polo concelleiro-delegado da Área de Cultura, e o prego de prescricións técnicas particu-

lares (artigo 116.3 da LCSP), así como o prego de prescricións administrativas particulares, asinado pola técnica de administración xeral.

Quinto: Na memoria económica xustifícase entre outras cuestións:

- Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP.
- Ao tratarse dun servizo no que o custo económico principal son custos laborais, consta que se consideraron os termos económicos dos convenios colectivos sectoriais, nacionais, autonómicos e provinciais aplicables (artigo 102.1 e 3 LCSP).
- Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
- Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).

Sexto: Na memoria xustificativa xustifícase, entre outras cuestións:

- Xustificación da non división do contrato en lotes (artigo 99.3 da LCSP).
- Xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116 LCSP).
- A xustificación do procedemento elixido (artigo 116.4 LCSP) resulta innecesaria por tratarse dun procedemento aberto.
- Xustificación do prazo de duración do contrato e de execución da prestación (artigo 29 LCSP).
- Xustificación da solvencia que se esixirá aos licitadores entre os medios previstos nos artigos 87 a 91 LCSP.
- Xustificación da elección dos criterios de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP); así como a xustificación das fórmulas de valoración (artigo 146.2LCSP).
- Lugar de entrega das prestacións obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).
- Xustificación das condicións especiais de execución (artigos 116.4.c) e 202 LCSP).



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1735/1102

Sétimo: No relativo á clasificación do contrato, trátase dun contrato de servizos segundo o establecido no artigo 17 Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público. O contrato ten carácter administrativo de acordo ao disposto no artigo 25 da LCSP. A forma de tramitación será a ordinaria.

A adxudicación realizarase por sistema de procedemento aberto.

Oitavo De conformidade coa disposición adicional terceira, apartado 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Noveno: O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento foi emitido pola Intervención Xeral con data 31 de maio de 2024.

Décimo: Os abaixo asinantes declaran a ausencia do conflito de intereses en relación co presente expediente nos termos da resolución aprobada pola Concellleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal do 3/3/2021, adoptada en execución do obxectivo 3.4.1 do plan operativo (Res. Concellería 17/12/2019), correspondente á liña estratéxica 3 do marco estratéxico (AXGL 12/12/2019) do Plan de Integridade na Contratación do Concello de Vigo.

Décimo primeiro: A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser

motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, coas conformidades do concelleiro-delegado de Cultura, da concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade e mailo concelleiro-delegado da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **ACORDO**:

1º.- Aprobar a contratación, a través de procedemento aberto, dos servizos de traballos técnicos derivados da programación de actividades e espectáculos do Auditorio Municipal do Concello..

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas que rexerá a citada contratación, de data 22 de agosto de 2024, redactado polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural.

3º.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a citada contratación, de data 23 de agosto de 2024, redactado pola técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación, por delegación da xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos (resolución delegación de 2 de agosto de 2024).

4º.- Autorizar o gasto por importe total de **227.691,50 € (188.174,79 € máis 39.516,71 € correspondentes ao IVE a soportar pola administración)**, con cargo á aplicación presupostaria 3331.227.99.07 “Xestión Auditorio Casa Concello” e as seguintes anualidades:

2024 (2 meses: novembro-décembro)	2025 (12 meses: xaneiro-décembro)	2026 (10 meses: xaneiro-outubro)
--------------------------------------	--------------------------------------	-------------------------------------



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1735/1102

18.974,28 €	113.845,75 €	94.871,47 €
-------------	--------------	-------------

5º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás trece horas e trinta minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/if.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez